

RECOLLIDA DE LIBROS

En colaboración coa
Cruz Vermella



MOITAS GRAZAS

Queremos agradecer a todas as familias que nos achegaron os seus libros no pasado mes de xullo para doalos á Cruz Vermella. Eles os distribuíron ás familias con menos recursos. Consideramos que nestes tempos que vivimos é moi importante a colaboración de todos para que ningún neno quede sen libros por motivos económicos.



DetecTIVES Brigantium configura un proxecto a desenvolver a nivel de aula que se concreta na realización de saídas, organizadas polas nais e pais a través da figura dun/dunha detective responsable, a espazos de recoñecido valor cultural, científico ou natural que acompañen o traballado na clase. Botou a andar o curso pasado, e xa está avaliado favorablemente polo **Consello Escolar**. Tamén contamos con experiencias piloto xa realizadas, que demostran a viabilidade do proxecto e a súa aportación positiva en termos pedagóxicos.

DetecTIVES é un espazo de convivencia e un punto de encontro do conxunto da comunidade educativa, que permite e facilita a participación efectiva das nais e pais en colaboración cos docentes, na procura do ensino público de calidade que as nenas e nenos do **Vales Villamarín** se merecen. Con esta finalidade, resulta imprescindible un paso adiante das nais, pais e tiores legais dos alumnos asumindo a tarefa de detective responsable de aula, que é a figura central sen a que non será posible a constitución de **DetecTIVES** no maior número de aulas posible. Xa hai nais e pais dispostos a asumir o compromiso e o reto da organización de saídas de **DetecTIVES** para o presente curso 2013-2014. Se queres sumarte e organizar unha saída de **DetecTIVES Brigantium** da aula do teu fillo ou filla, non tes máis que enviar un e-mail a anpabrigantium@gmail.com, e a **ANPA** porase en contacto contigo e proporcionarache a axuda precisa.ANIMÁDEVOS!

Asemblea ANPA

Inicio de curso

27 de setembro ás 19:30

O venres 27 de setembro, ás 19:00, en primeira convocatoria e ás 19:30, en 2ª convocatoria, vaise celebrar a reunión de inicio de curso da ANPA Brigantium. A asemblea está aberta a todas as nais e pais do colexio, sexan ou non socios desta ANPA. Dende a xunta directiva queremos agradecer por adiantado o compromiso de todos os asistentes, neste curso que se presenta moi difícil.

P.D. A acta da asemblea anterior está a vosa disposición, na porta principal do colexio e no noso blogue.



Actividades

Extraescolares 2013-2014

Dende o **12 ao 20 de setembro** estará aberto o prazo de matriculación nas actividades extraescolares organizadas para este curso, tal e como se reflicte na folha de inscrición que se vos enviou, a través dos vosos fillos. Se por algún motivo algún de vós non a recibira, podedes conseguila a través do noso blogue ou pedindo unha copia na Secretaría do Colexio.

Pedirvos, simplemente, que leades con atención a parte baixa da folha onde se informa sobre o período de inscrición e o custe das actividades. Lembraide que cambiamos de banco, agora os ingresos pasarán a realizarse no Banco Etxeverría. Os monitores facilitarán os datos bancarios ó comenzo da actividade.

Unicamente levaranse a cabo aquelas actividades ofertadas que teñan un número mínimo de asistentes. As actividades comezarán o **martes 1 de Outubro** e rematarán a finais de Maio.



ANPA Brigantium

(*) **Sentímolo**, tiñamos previsto poñer unha foto co inicio dos traballos nos terreos do colexio novo pero... por agora non hai foto.

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>



email :anpabrigantium@gmail.com

COMO FACERSE SOCIO/A DA ANPA BRIGANTIUM

Cando? Do 1 de xuño ao 15 de novembro.

Como? Cumprimentando a follla de inscrición de socios que podes atopar na Secretaría do colexio e no noso blogue, a partir do 1 de xuño.

Ao igual que se veu facendo ano tras ano, lembramos aos socios do curso 2012-2013, que queiran seguir con nós, a súa obriga de volver a cumprimentar a follla de inscrición de socio para este curso 2013-2014.

Canto? 10 € por familia e ano

Vantaxes?

- ✓ **Descontos** nas actividades extraescolares planificadas (**40 € de aforro por actividade**)
- ✓ **Descontos** en outras actividades de pago organizadas pola ANPA.
- ✓ **Descontos** en 21 establecementos de Betanzos (*ver establecementos no noso blogue ou na porta principal do colexio*)
- ✓ Voz no consello escolar a través da **ANPA**.
- ✓ Asesoramento escolar.

3 RAZONS MAIS PARA PERTENCER O ANPA

- Porque é a nosa responsabilidade educar ós nosos fillos e fillas.
- Porque un movemento de nais e pais agrupados fai que as iniciativas e as peticións destes sexan vistos con maior respecto polas administracións.
- Porque todos somos necesarios para mellorar a calidade de vida para os nosos fillos e fillas.

Colexio Novo: FALEMOS CLARO

- A XUNTA vai construír un colexio de infantil? **SI**
- Hai unha partida económica asignada? **SI**
- Está adxudicada a obra? **SI** (á empresa Antalsis S.L.)
- Empezaron as obras? **NON**
- Estará rematado para iniciar nel o próximo curso?

A ESTE RITMO NON.

A situación do Vales Villamarín é actualmente **de total saturación**. O menor oco libre está totalmente aproveitado.

O próximo curso incorpóranse ao Vales os nenos nados no ano 2011. Ano no que houbo un **aumento de nacementos**, sendo moi superior ao dos dous anos anteriores. Polo que, parece **inevitable** que para o curso que se inicia en Setembro do 2014 precisemos como mínimo dunha aula máis nun Vales onde non existe espazo para facela (**¿¿BARRACONS??**).

Os problemas aos que os nosos fillos xa se teñen que enfrontar a diario, **veráñse incrementados** ao superarse os 1.000 alumnos no centro.

Por iso é **imprescindible** que o novo colexio de infantil inicie a súa andaina en **Setembro do 2014**.

É POSIBLE: tecnicamente **SI**. O prazo é xusto pero é realizable.

Podemos facer dúas cousas:

1º: Deixar pasar o tempo e confiar en que finalmente non se matriculen tantos nenos como está previsto no curso que vén.

2º: Deixarnos de debates estériles e que todo o mundo axilice ao máximo os prazos facilitando a execución da obra e elaborando cos técnicos un calendario de traballo cun obxectivo inequívoco: **Setembro 2014**.

Cada día que pasa é un día menos. Por iso, dende xa, nós imos traballar na segunda. **E TI ¿?**

Nova Xunta directiva

A actual xunta directiva da ANPA tense que renovar este curso. Péchase un ciclo coa marcha de cinco dos nosos compañeiros e compañeiras polo que precisamos de xente nova para seguir traballando no noso proxecto.

Invitámosvos dende a xunta directiva, a tódolos nais e pais con inqedanzas cara o noso colexio e ao ensino público, a traballar en pro da educación de calidade para os seus fillos e fillas.

A continuidade das actividades extraescolares, tan necesarias nalgúns casos para a conciliación da vida laboral e personal, estarían en grave risco de desaparición de non ser polo traballo que se desenvolve dende a xunta directiva.

Por favor, contactade coa directiva, ben a través do correo da ANPA, anpabrigantium@gmail.com, ben deixando os teus datos na caixa de correos da ANPA, ou ben directamente con nós, o venres 27 de setembro na Asemblea Xeral que terá lugar no salón de actos do colexio.

Comedor e Mañanceiros: xestionados polo concello

O Concello de Betanzos xestionará a partir de este mesmo curso o servizo de comedor e de mañanceiros do colexio Vales Villamarín. A contratación do servizo, con concurso público, recaeu na empresa Serunión, que manterá o servizo e horarios como ata de agora. Os prezos dos mesmos baixaron respecto os dos anos pasados.

“A mayores, dentro de la ordenanza fiscal, habrá, en función de las circunstancias familiares, bonificaciones a través de las ayudas otorgadas por el Ayuntamiento y la Xunta”, indican dende o Concello.

O pasado mes de agosto estivo aberto o prazo de inscrición para estes servizos nas dependencias municipais.